

Convocatoria de prensa

O COPG estará presente en Madrid colaborando coa campaña de sensibilización sobre a atención á saúde mental posta en marcha polo COP

Os números dos colexiados e colexiadas estarán no centro da conversación, como instrumento para concienciar contra as cifras máis preocupantes da saúde mental no noso país

- A decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, M^a Rosa Álvarez Prada estará presente en Madrid presentando a campaña “Tenemos que hablar de esto” e atendendo aos medios de comunicación xunto co Consejo General de la Psicología.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2023.- Segundo o último informe do Instituto de Medicina Legal de Galicia, correspondente ao ano 2021, morreron por suicidio 331 persoas dos 901 falecementos que investigaron. Esta cifra aumentou un 7,8% en comparación co ano 2020 e un 4,8% con respecto ao 2019, sendo A Coruña a provincia que máis suicidios rexistrou desde o 2012. Por outra banda, as dúas grandes demandas da profesión, a presenza de profesionais da psicoloxía nos centros educativos así como a dotación de recursos e psicólogos e psicólogas clínicas en atención primaria, continúan sen cumprirse. Isto, xunto coa falta de garantías no que respecta a accesibilidade de atención psicolóxica por parte da cidadanía supón unha grande eiva na atención á saúde mental da comunidade.

Tendo en conta estas cifras con respecto a saúde mental dentro da comunidade e no resto do Estado, o Consejo General de la Psicología (COP) pon en marcha a campaña “Tenemos que hablar de esto”, co obxectivo de chamar a atención e concienciar sobre a necesidade de que se ofrezan recursos para atender estes problemas con urxencia e de que se garanta que usuarios e usuarias son atendidas pro profesionais cualificados, con competencias e que lles ofrezan garantías.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) estará colaborando ao longo do 2023 con esta campaña, a través da cal se lanzarán diferentes accións de comunicación poñendo enriba da mesa os números sobre saúde mental e a necesidade de contar con profesionais titulados e colexiados que poidan enfrontalos.

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, estará mañá día 11 na praza de Pedro Zerolo (Madrid) presentando a campaña xunto con diferentes responsables do COP así como doutros colexios da psicoloxía do Estado con dispoñibilidade para realizar entrevistas cos medios de comunicación que queiran achegarse.

Galicia conta con máis de 3.600 psicólogos e psicólogas colexiadas no COPG, mais a alta demanda xerada tras a pandemia, xunto cos conflitos armados, a precariedade económica e a

maior toma de conciencia sobre a propia saúde, fixo que proliferaran ofertas de atención e desenvolvemento persoal que prometen axudar con ferramentas non avaladas pola evidencia científica. Isto supón un grave risco para a saúde das persoas e, polo tanto, da saúde pública, posto que son servizos realizados por persoas que non contan coas competencias esixidas polas autoridades sanitarias para atender estes problemas e situacións.

Os diferentes materiais da campaña serán distribuídos a través da web do COP a partir do próximo día 11 de maio: www.cop.es/tenemosquehablardeesto. Podes atopar máis información no Facebook, Twitter e Instagram do COP.

***Punto de encontro con todos aqueles medios que queiran formar parte do evento:
Xoves 11 de maio na praza Pedro Zerolo de Madrid, entre as 12:00 e as 18:00 horas.

Prégase confirmación para poder organizar as diferentes entrevistas ou gravacións sobre o espazo.

Máis información:

Laura Veiga

699 909 574

copgalicia@copgalicia.gal